



*E.T.S. Enxeñaría de Minas*

# NORMATIVA PARA O PROGRAMA DE MOBILIDADE ERASMUS+

Universidade de Vigo

---



## Contido

<b>1. Normativa</b>	<b>3</b>
<b>2. Sobre o programa de intercambio</b>	<b>3</b>
<b>3. Proceso de solicitude</b>	<b>3</b>
<b>4. Requisitos do alumnado solicitante</b>	<b>3</b>
<b>5. Avaliación das solicitudes.</b>	<b>5</b>
<b>6. Contrato de estudos</b>	<b>5</b>
<b>7. Recoñecemento dos estudos</b>	<b>6</b>
<b>8. Transitoria para o alumnado da titulación de Enxeñaría de Minas (a extinguir).</b>	<b>7</b>
8.1. Proxecto fin de carreira (PFC).....	7
8.2. Materias libre elección. ....	8
<b>9. Aplicación</b>	<b>8</b>



## 1. Normativa

A presente normativa reguladora do programa de intercambio internacional ERASMUS+ é específica para a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas. Propónse como modificación da antiga normativa transitoria aprobada pola Comisión Permanente o 8 de febreiro do 2012 e pola Xunta de Escola do 25 de maio de 2012 .

## 2. Sobre o programa de intercambio

O alumnado interesado en solicitar unha bolsa deberá conseguir información específica sobre as universidades de destino. A web da ORI (Oficina de Relacións Internacionais) dispón de enlaces coas páxinas de cada institución ([ORI-Erasmus](#)). Tamén se pode atopar información das universidades con acordo bilateral coa ETSE Minas na páxina web oficial da escola (<http://etseminas.uvigo.es>) dentro do apartado “*Internacional*”. Para máis información existe tamén unha listaxe pública de distribución de correo da universidade denominada **minas\_mobilidade** a través da cal se difunde toda a información que poida resultar de interese relacionada coas convocatorias de mobilidade estudiantil.

## 3. Proceso de solicitude

Todo o proceso relativo á solicitude das prazas convocadas está xestionado dende a ORI. Para calquera dúbida ao respecto (impresos, prazos, bolsas...), os solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (Edificio Miralles, tfno.: 986 813 550; correo electrónico: [ori@uvigo.es](mailto:ori@uvigo.es) ). A persoa responsable de *Mobilidade Estudiantil* do centro soamente é garante da información académica (elaboración de contratos de estudos, recoñecemento de materias, traballos fin de grao, etc.) e da preselección de candidatos e prazas.

## 4. Requisitos do alumnado solicitante

O alumnado deberá cumprir os requisitos que, para todo o estudiantado da Universidade de Vigo, a ORI fai públicos na convocatoria de cada curso académico.



Adicionalmente, o alumnado dos graos de Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, ou o alumnado do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, deberán cumprir os requisitos mínimos seguintes:

- Non ter sido beneficiario/a de bolsas Erasmus+ por un período superior a 12 meses nun mesmo ciclo de estudos (grao, máster ou doutoramento).
- Deberán estar matriculados na Universidade de Vigo, e na titulación para a cal solicitan a mobilidade, durante o curso no que gocen da bolsa.
- Deberán ter superados polo menos 60 ECTS do grao no momento da convocatoria. No caso de intercambio no máster, o alumnado deberá estar matriculado no mesmo no momento da convocatoria.
- Non se poderán cursar en Universidades estranxeiras materias nas que previamente se obtivera a cualificación de **suspenso** na Universidade de Vigo. Só se poderán cursar materias pertencentes ao 3º e 4º curso do grao. No caso do alumnado de máster poderá cursar materias de 1º e 2º curso.
- O período de estudos cursado no centro asociado pode ser **cuadrimestral** ou **anual**, pero en ambos casos o máximo número de créditos recoñecible será de **30 ECTS**.
- Nivel mínimo de idioma: na oferta de prazas que se fai pública xunto ca convocatoria, aparecerá especificado o requisito de idioma necesario en cada caso. Cando non se especifique ningún nivel, entenderase como requirimento mínimo o B1 en inglés. En algúns casos, a universidade de destino esixe un nivel de coñecemento mínimo no idioma do país de destino. O nivel de coñecementos previos pode acreditarse mediante a presentación de certificados oficiais que se detallan na convocatoria Erasmus+ (información dispoñible na páxina web da ORI). En caso contrario deberán superar as probas de idiomas (inglés, francés, alemán, etc.) que serán organizadas pola ORI en colaboración co Centro de Linguas da Universidade de Vigo (<http://cdl.uvigo.es/>).





## 5. *Avaliación das solicitudes.*

De entre o alumnado que acade os requisitos mínimos, a selección farase en base ao expediente académico, nota media simple (segundo o DOG 30 de setembro de 2011, resolución do 15 de setembro de 2011). En caso de expedientes coa mesma nota media e peticións de destino coincidentes, daráselles preferencia ao alumnado que non gozase con anterioridade dunha bolsa de mobilidade internacional. Se persiste a coincidencia, terá prioridade o alumnado que posúa unha cualificación superior no idioma do país de destino ou, no seu defecto, en inglés.

En caso de que alguén teña tódalas súas alternativas escollidas por outros compañeiros aos que lles tocaba elixir antes, permitiráselle escoller outra posibilidade durante a reunión organizada para distribuír as prazas (realizada entre as datas de publicación da listaxe provisional e definitiva).

O citado proceso de avaliación e selección será levado a cabo pola persoa responsable de Relacións Internacionais da ETSE Minas, que posteriormente remitirá a lista definitiva á ORI, nos prazos establecidos na convocatoria ordinaria.

## 6. *Contrato de estudos*

Unha vez resolta a concesión das bolsas Erasmus+, a ORI publicará a resolución reitoral correspondente e enviará unha copia ás persoas responsables das Relacións Internacionais dos centros. O alumnado seleccionado deberá propoñer, coa colaboración e aceptación da persoa responsable de Relacións Internacionais do centro, o seu “*Contrato de Estudos*” (*Learning Agreement*). A data límite para a súa presentación quedará reflectida na convocatoria do programa Erasmus+ correspondente.

Para o establecemento deste contrato, buscarase a máxima afinidade de temario e carga lectiva, establecendo como base de medida o crédito ECTS. O número máximo de créditos recoñecidos nunha estadía anual ou cuadrimestral será de 30 ECTS.



Con posterioridade, durante o curso, o alumnado poderá solicitar por escrito á persoa responsable de RRII do centro, modificacións no contrato de estudos. Os prazos para facelas efectivas tamén se soen indicar na convocatoria de cada ano, pero no caso de non existir serán o 15 de Decembro e 15 de Abril como datas límites para os cambios nas materias do primeiro e segundo cuadrimestre respectivamente.

O contrato de estudos reflectirá as materias a cursar no estranxeiro así como a súa avaliación na Universidade de partida (UVigo). Paralelamente o alumnado pode estar matriculado noutras materias exclusivamente na Universidade de Vigo, con carácter de *matrícula ordinaria*. Non se poderán facer cambios no carácter das materias, é dicir, pasar de matrícula ordinaria a Erasmus+ ou viceversa.

## 7. Recoñecemento dos estudos

O recoñecemento académico só afectará a materias en que o alumnado se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico en que realice o intercambio e que aparezan reflectidas no seu contrato de estudos (orixinal + modificacións).

Este recoñecemento só será efectivo cando o alumnado estea de volta na Universidade de Vigo. Os certificados coas notas das materias cursadas nas universidades de destino (*Transcript of Records*) serán remitidos por estas directamente á ORI ou a persoa representante de RRII do centro.

A transcripción de notas farase materia por materia acorde ao establecido no contrato de estudos. A transcripción da cualificación non será directa, senón que será ponderada pola nota media do expediente que o alumnado posuía antes de comezar o período Erasmus+. Deste xeito, tódalas materias **aprobadas** adoptarán a seguinte nota (sempre en base numérica):

$$\text{Se } x'_i \leq \bar{x} \quad x_i = \bar{x}$$

$$\text{Se } x'_i > \bar{x} \quad x_i = \frac{(x'_i + \bar{x})}{2}$$



Onde  $\bar{x}$  = nota media simple,  $x'_i$  = nota acadada de Erasmus+ transcrita a escala (1-10) e  $x_i$  = nota final reflectida no expediente. Esta metodoloxía de recoñecemento promóvese para que a influencia da estancia Erasmus na nota media do expediente non sexa desmesurada (nin positiva nin negativamente).

Cando o alumnado Erasmus+ non supere unha materia na universidade de destino reflectirase como suspenso na correspondente materia pola que avalía na Universidade de Vigo. O alumnado poderá presentarse a un segundo exame na universidade de destino, se esta contempla dita posibilidade. En ningún caso poderá facelo na Universidade de Vigo.

No caso do traballo fin de grao, o alumnado deberá ter un/ha codirector/a na ETSE de Minas que deberá ser profesorado con docencia na ETSE de Minas nunha área de coñecemento afín á temática do traballo, ou ben profesorado que goce do visto e prace da Comisión Permanente ou sexa asignado por ela. Ao devandito alumnado se lle recoñecerán os créditos do TFG do seu plan de estudos sempre que a universidade de destino onde realizou o intercambio certifique oficialmente a superación da materia vinculada ó TFG no contrato de estudos de mobilidade. A cualificación recoñecida será a transcripción da obtida na Universidade de destino.

## **8. Transitoria para o alumnado da titulación de Enxeñaría de Minas (a extinguir).**

### **8.1 Proxecto fin de carreira (PFC)**

O alumnado da antiga titulación de Enxeñaría de Minas poderá optar a unha bolsa Erasmus+ unicamente para realizar o proxecto fin de carreira (PFC).

Os requisitos mínimos que deben cumprir os solicitantes serán os mesmos que o alumnado de grao e que aparecen detallados no apartado 4 de esta normativa.



A puntuación acadada na universidade de destino figurará no correspondente “*Transcript of Records*”. O recoñecemento do proxecto consistirá na transcripción directa da nota acadada na universidade de destino..

### **8.2. Materias libre elección.**

O alumnado da titulación a extinguir poderá solicitar a validación de materias adicionais cursadas na universidade de destino como beneficiario/a de bolsas Erasmus+ por créditos de libre elección. A decisión última sobre este recoñecemento recaerá na comisión permanente da ETSE Minas, que valorará positiva ou negativamente a solicitude, previa aceptación a trámite da persoa responsable de RRIL do centro. A equiparación de créditos empregada nestes casos será 1 ECTS = 1 Crédito local, e o máximo número de créditos a solicitar por cursos realizados durante a estadía será de 6 ECTS.

### **9. Aplicación**

A presente normativa entrará en vigor dende a súa aprobación.

**Asinado**

**M<sup>a</sup> do Carme Pérez Pérez**

Subdirectora de mobilidade estudantil  
ETSE Minas